

## NA ROMARÍA DA BARCA

*Como se sacan os demos do corpo*

### I

O meu sobriño Xan de Outeda, que é un mozo varudo, amigo das festas, fresco coma unha remolacha, e máis alegre que unha rebeirana, metéuselle na testa o ano pasado, que me había de levar á romaría de Nosa Señora da Barca, que é a máis sonada de cantas hai na miña terra.

- Veña, tío Farruco, -díxome-, xa verá como nos habemos de adivertir  
- ¡Si fora mozo como ti! ¡Pro agora eu non che estou pra eses trotes!  
- ¡Leria! ¡Leria! Vosté veña, que non lle ha de pesar. Anque non sexa máis que por ver a pedra que abala, válelle a pena de ir aló.

- Xa me falaron desa pedra, que me dá moito que cavilar. Din que ó poñerse a xente enriba dela, escomenza a beilar como si lle tocaran a gaita. ¿El será certo? ¡A min paréceme moito!

- ¡Élle un milagre de Dios!

- ¡Alabado El sea! ¡Por eso, que cousas hai no mundo!

- ¡A Barca tenlle moito que ver! Alí vanlle tamén as mulleres que teñen os demos no corpo, e sácanllos con cebolas, na misa maor.

- ¿Con cebolas? ¡Arre carafío!

- ¿E logo vosté non sabe que ó demo non lle gustan as cebolas nin os allos?

- ¡Desaúnome coa noticia, chico! ¡Ben dicen alí, que vai o vello morrendo e vai deprendendo!

- Eu xa lle teño botados moitos fora dos corpos das raparigas, e coñézoos como si os parira.

- ¡Non che sabía eu esa habilidá! ¡Pro, mira sobriño, que co demo n'hai chanzas!

- Si vén á romaría, xa me verá sacar algún.

- Si tés esa virtú, non debes despreceala. Boeno, xa estou animado. Pasado mañán, si Dios quer, vamos aló. Quero ver todas esas novidades.

Meu dito meu feito, o víspora da romaxe, saímos do lugar, á unha da tarde, o meu sobriño e mais eu, pian, pian, camiño da Nosa Señora da Barca.

- ¿Cantas légoas lle botan de eiquí aló? -pergunteille eu.

- Catro boas, porque é todo monte. Ó cerradiño da noite estamos alá.

O camiño era peor que o da gromía, que din que e todo costa arriba i está cheo de petoutos. ¡Que montes, nunca Dios pra mal me dera! Ibamos por cada vereda que inda no nos cabía ben o pé, i ó mirar cara abaixo, varriase a vista. O sol queimaba que parecía que tiña a rábea do Carballiño; i eu, sudando máis que un porco, con perdón, ás dúas horas de andadura, xa botaba a língoa fora com'un can detrás dunha lebre, i a camisa pegábaseme ó corpo.

- ¡Carafío -berrei-; esto mata a un cabalo!

- ¡Mata a dous! -contestoume meu sobriño, tamén coa língoa fóra-. Pro xa estamos chegando a Ponte do Porto, i alí descansamos un pouco, e mollamos a palleta. ¡Eiquí, élle a metá do camiño!

- ¿Eínda? ¡Ai, ricoiro! ¡Esas condanadas catro légoas, sonche de repetición!

- ¡Mire pra aló embaixo! ¡Xa se ve o mar!

- ¡Alabado sea Dios! -berrei eu ó ver tanta auga xunta encanada antre aqueles montes tan grandes que se perdían de vista, e tan altos que parecía que tropezaban nas nubes. ¡Que largo é o mundo, sobriño! ¿El verase dendes de eiquí Buenos Aires? ¡Como din

que está ó outro lado do mar!

- Pra eso había que tragner un anteollo moi longo, que non ten sitio máis que pra un ollo só.

- ¡Entón, solasmentes se prodrá ver astra a metá do camiño!

Nestas e noutras conversas, baixamos á Ponte do Porto, e dimpois de botar un par de netos na taberna de Perna furada, seguimos, todo costa arriba, astra o alto de Cereixo. Dimpois, metímonos outra vez no monte; i ó chegar a unha encrucillada, dixo o meu sobriño:

- ¡Así adoeza, si me acordo por onde se torce agora!

- ¡Ti seica me amocas! ¡A ver si nos perdemos eiquí, i andamos toda a noite mallando polo monte adiante!

- ¿E que quer que lle faga?

- ¡I esta que debe ser terra de lobos!

- ¡Eses déixeos da miña conta!

- ¿Ti seica pensas que botar os lobos fóra e tan fácele coma sacar os demos do corpo? Déixate de lerias, e bota con mil pares dacabalo, polo camiño do médeo, a ver a onde vamos a parar.

Siguimos, á ventura de Dios, pouco máis de unha hora, de cote monte abaixo, cando de súpeto, atopamos con un río que nos cerrou o paso.

- ¡Fixémola boa, sobriño! -berrei eu-. ¡Hai que volver pra atrás!

- É millor seguir á beira do río, a ver se atopamos algúns pasales que nos boten do outro lado.

A todo isto, a noite víñase enriba, máis negra que a boca dun forno sin leña; i eu dábame a tódolos demos do inferno, maldicindo a hora en que se me ocorreu o ir á romaría; pois xa levábase máis de médea hora atravesando brañales, e mollando os pés como sopas, sin trazas de alcontrar camiño nin xeito de saír daqueles pantanos.

- ¡Alto! -dixo o meu sobriño-. ¡Parece que se oíe ruído de xente!

Parámonos os dous a escoitar, sintimos voces, i erguendo as testas, vimos unha restra de xentío, que iban pasando de un en fondo, polo alto do monte cortado cuáseque a pico enriba de nosoutros.

Botamos a correr cara a eles polas costas arriba, agarrándonos con dentes e uñas ás carqueixas i ós pedruscos, i esfolando as mans e as canelas, astra que topamos cunha vereda estreitiña; por onde pasaran os que iban diante.

Siguimos por ela, a paso de lebre, pra atrapar ós outros, cando sintimos a vos dunha muller, que berraba como unha condenada.

- ¿A quen matan aí? -preguntei eu.

- ¡Alégrese! -contestoume o meu sobriño-. Xa estamos outra vez no camiño da festa.

Eses berros, polas trazas, débenlle de ser dalgunha moza que ten os demos no corpo, e lévana á Barca a ver si hai quen llos saque.

Nesto, atopamos o camiño real, e ó pé del, un vello i unha vella, que estaban pelexando con unha rapariga, que se retorecía as maus, botando espuma pola boca e poñendo os ollos en branco.

Adiantouse o meu sobriño, abrazouse á moza con toda a súa alma, abriulle a boca, e, meténdolle dentro o seu fuciño, escomenzou a berrar polo burato da gorxa.

- ¡Eu te desconxuro animal peludo!

A rapaza caíu esmorecida no regazo de Xan, que se sentou coela á beira do camiño, e díxonos:

- ¡Deixala eisí un pouquichiño, pra que o demo se durma, e non a sobe en tres horas!

- ¡Dios cho pague mociño! -berraron os dous vellos.

- ¡Ai, Jasús me valla, -añadiu a vella-, como destragan eses condenados de demos o

corpo da nosa filliña!

- ¡Boeno! dixen eu. ¡N'hai que ter pena! Eiquí está o meu sobriño, que é como a man dun santo, pra axudarlle a botar fóra a calquera, anque sea tres ducias de diaños.

- ¿E vostedes a onde van, anque sea moito preguntar? -dixome o vello.

- Pois vámoslle á romaría da Barca, pro perdímonos no camiño.

- ¿E veñen de moi lonxe?

- Do lugar de Bamiro.

- ¡Ai María Santisimiña, -escramou a vella-, que volta tan grande viñeron a dar!

Arrodearon máis dunha légoa boa.

- O que non sabe, élle como o que non ve.

- E mais ten razón. Pois, miren, agora xa poden vir connosco que tamén vamos aló, a ver si Nosa Señoriña, alabada sea, quer facer o milagre de sacarlle o meigallo á nosa filla.

A todo isto, a moza volveu en si, e seguimos todos xuntos o camiño, con un farol que alcendreu a vella, porque xa escomenzaba a estar moi escuro.

- Eu vou diante coela, -dixo o meu sobriño, agarrando a rapaza pola cintura-

¡Namentras ande comigo, xúrolle á Dios que non ha de resollar nengún demo!

- Si, si, -añadín eu-; deixádeo solo coela. ¡En boas mans está o pandeiro! ¿E fai moito tempo que a teñen eisi?

- Escomenzoulle no mes de San Xoán, e levámola o médeco, que nos dixo que o que tiña era histórico, porque non lle co eceu o meigallo, -repicou o vello.

- ¡Os médecos son todos uns burros! ¿Porque non a levaron ó veterinario? -pergunteille eu.

- Levámola a un xastre, que non traballa polo oficio, porque se dedica á melecina, e fai tódalas curas con padre nuestros e ave marías. ¡Non lle hai nengún home tan sabido coma el en vinte légoas ó redor! Aquel non fixo máis que mirala e xa nos dixo que tiña o meigallo, e que había que sacarlle os demos do corpo.

- ¿E por que n'a levaron ó crego pra que lle fixese os exorcismos?

- O crego, que é tan burro como o médeco, contestounos que aquela era unha enfermédá, e que n'había tales meigallos. Tivemos que volver ca rapaza a xunta o xastre pra que lle sacase os demos, pro cando se dispoñía a botarllos fóra, o máis gordo de eles, escomenzou a espernearlle dentro do corpo, berrando que el non saía astra que o levasen á romaría da Barca; i entón foi cando eu i a miña parenta acordamos ir aló.

- ¡Dios queira que lle saian todos! ¡Lástima de rapariga, caráfeo! ¡É bonita como un caravel!

- ¡Non lle é porque sexa miña filla, -escramou a vella-, pro moza como ela non se pasea en todo o partido de Corcubión! Leveilla unha ves á Cruña i andábanlle os señores da vila atrás de nós, o mesmo que cans!

- ¡Créollo ben! ¡Eses condanados de demos xa saben onde se meten! Dios nos libre dunha mala tentación, pro eu sonlle un vello, i eisi e todo, é verdá, si señor, vosté xa me entende.

Ibamos nesta conversa, cando veu unha lamarada que alomeou primeiro todo o monte, logo a vila de Muxía, que xa estaba tan preto como a carreiriña dun can, e dimpois o mar.

- ¿Que raxo de lus é esta tan grande, que tantas voltas dá? -perguntei eu.

Élle o faro de Camariñas, que nas noites escuras de cote lle está andando ó redor, pra que o vexan os barcos que van pola mar.

- ¡Carafio! ¡Que cousas enventan os señores! ¡Como non teñen que facer!

- ¡Ben din alí, -contestou a vella-, que o lecer fai culleres!

- ¡Tío Farruco!, -berrou meu sobriño dende aló adiante, sin soltar á moza-. ¡Xa estamos

chegando!

- ¡Alabado sea Dios! ¡Érase tempo!

Nesto, escomenzamos a baixar a costa que vai á praia de Muxía, onde está o santuario da Barca, i enantes dun coarto de hora, entrábamnos todos na vila, onde estaban as campás tocando as vísporas da festa.

## II

¡Na miña vida vin tanta xente xunta como a que andaba por Muxía adiante! ¡Que rebumbio, nunca Dios pra mal me dera! ¡O ruído das conversas, parecía o gorgoleo dun cento de potes de caldo, todos a ferver!

Meu sobriño, a moza dos meigallos, os pais da rapaza e mais eu, que xa nos levábamnos tan ben como si fóramos todos da familia, tivemos que agarrarnos uns noutros, o mesmo que os eslabóns dunha garamalleira, pra non perdernos antre aquela marea de xentío.

- ¡Alto! -dixen eu-. O primeiro de todo é buscar pousada.

- A máis barata da vila é a calle. Podemos durmir alí -contestou o vello Petrucio.

- ¡Carafio! -repriqueei eu-. Non val a pena de pasar unha mala noite por unhas cantas cadelas máis ou menos. Cando se vai de festa n'hai que arrearar. Un día é un día. ¡Eu hoxe estou dimposto a gastarme... anque sean tres reás!

- ¡Por min que non quede! -contestou o pai da moza-. ¡A franco ninguén me pon o pé diante!

Meu sobriño, que sabía dunha casa moi boa onde xa el pousara outros anos, levounos a ela, por ser de toda a súa confianza.

Cando chegamos, díxonos a pousadeira:

- Eu nos lles teño máis que este sobrado, onde caben, ben arranxadas, unhas coarenta persoas; pro como este ano cargou tanto a xente, i están cheas tódalas pousadas, tiven que ademitir astra cincoenta.

- ¡Boeno! ¡Onde caben cincoenta, tamén caben cincoenta e cinco! -dixo o meu sobriño.

- ¡N'hai que falar máis! -repreicou a pousadeira-. Iste mozo é parroquiano meu, e pra el e maila compañía, ha de haber sitio, anque tivera que poñelos a todos colgados con cravos nas paredes.

- ¡Todo se andará! -dixen eu- porque nesta sala donde vosté di que collen cincoenta a dormir, eu non vexo máis que unha cama.

- A cama esa xa está tomada pró Alcalde de Zas i outros seis amigos que veñen coel. Os demais teñen que deitarse no chan.

- ¿E caberemos todos ben?

- A min non me gusta tomar xente de máis, porque son muller de concencia; pro eiquí eínda collía un cento de persoas, arranxándose ben.

- ¡Ricoiro! ¿E como?

- Poñendo unha ringleira de cincoenta peisanos por baixo i outra por riba.

- ¡E mais ten razón! -berrei eu-. ¡Dios lle conserve a concencia, señora, porque da maneira que vosté di, facendo palleiro, eínda se queda curta! E vamos a ver: ¿canto custa a durmida?

- Pois hanme de dar un can pequeno cada un.

- ¡Arrenégote pecado! -berrou a nai da moza-. ¡Ai que caro pide! ¿Vosté seica tolea?

- Pra eso tamén teñen lus toda a noite e mais colchón novo de pinavete.

- Boeno, -repriqueei eu-, n'hemos de riñir por un can máis ou menos; ¡un día é un día! ¡O prencipal é durmir con comodidá! ¿A que hora hai que recollerse?

- Poden vir cando queiran, que a porta está aberta toda a noite.

- ¡Astra logo! Vamos ás vísporas.

- Vaian, vaian, que hai moito que ver.

Ó saír pola porta pra fóra, rosmou a vella outra vez:

- ¡Jasús que ladroízo! ¡Un real por cinco persoas! ¡Témolo que chorar toda a vida! ¡Eisí adoeza o can grande que leva de máis, e lle pegue a rábea!

- ¡Cala, muller! -repreicou o Petrucio-. ¡Non botes xuramentos!

- ¡Hai que ter pacencia! -dixen eu-. O que sai da súa casa, tenlle que andar coa bolsa ó aire. ¡Ave de paso, cañas! ¡Aporvéitanse da ocaseón!

Cando chegamos á praza onde se cilebraban as vísporas da festa, xa non cabía unha alma, e costounos traballo atopar un currunchiño nunha esquina.

Sentámonos a carón das pedras, e puxémonos a cear unhas cantas fuchicadas que os cinco traguíamos, e que nos repartimos como irmáns.

Estabamos acabando a cea cando escomenzou a arder o primeiro macaco de pólvora.

¡Que vísporas, meus amiguiños! ¡Aquele daba xenio! ¡Foguetes de tres estalos, de asubío, de luces e de cantas crases hai; rodicios, grobos, bailas, gaitas, pandeiros, cantareas, atruxos, i o demo e maila nai! ¡E de ves en cando o Faro de Camariñas gomitaba un relampo de luz, que alomeaba toda a praza coma si fora día!

Cando estaban estoupando as últimas doce bombas de drinamita que daban remate ó lerio, escomenzou a moza a berrar como unha condenada, dicindo que os demos colorados que tiña dentro do seu corpo, pedíanlle irse prá cama; i o meu probe sobriño, pra obrigala a calar, tivo que apertala escontra o seo, e facerlle unha crus na barriga acarón do coiro.

- ¡Vaia todo por Dios! -dixo o pai-. ¡Estes condenados xa rebulen outra ves!

- O millor é irnos pra a pousada, -contesteille eu-. Xa que os demos queren durmir, hai que cumprirlles ise gosto; porque ó fin, as vísporas acabaron, a xente toda escomenza a marchar, i eiquí non facemos nada.

Conformes todos co meu parecer erguímonos os cinco, e fúmonos prá casa, a onde chegamos pouco máis da médea noite.

Ó chegar á porta do sobrado, veu un bafo de sudor de pés, que arripiaba ós cristianos.

- ¡Ricoiro! -dixen eu-. ¡Esto tumba a un home, patas arriba!

- ¡Iso non val nada! -respondeu o meu sobriño-. ¡Eisí que un se mete drento, afaise de contado, e xa non se sente cheiro nengún!

- Boeno logo. Anda pra diante, que o teu tío Farruco ten estómago pra todo.

De seguida quixen entrar na sala pro non poden. Vellos e mozos, homes e mulleres, grandes e pequenos, deitados e revoltos os uns cos outros, cubrían todo chan de punta a punta. ¡Aquello, Dios me perdoe, parecía un montón de esterco!

- ¡Vállache Xuncras, -rosmei eu prós meus adentros-, o que somos os probes dos peisanos! ¡Tratámonos como bestas fora a alma! ¡Eínda está con máis comodidá o gando na corte!

Aló, no fondo do sobrado, xunta a cama onde durmía o Alcalde de Zas cos outros seis galafates, quedaba un crariño moi pequeno, onde, solasmentes por milagre, caberíamos os cinco festeiros, ben encadrados, como as catro sotas da baraxa, no xogo de taparlles as pernas.

- ¡Ei carafio! -berrei-. ¿Por onde pasamos prá nosa cama, sin trepar a ninguén?

Oíume a pousadeira, e dixo:

- Entren sin cumprimentos, por riba dos outros, que eiquí sonlle todos de confianza.

E, meu dito meu feito, pasamos os cinco pró curruncho aquel, pisando espaldas, pernas, brazos e peitos, como quen vai por unha carretera.

Deitámonos como pudemos, eu, feito un novelo antre os dous velliños; i o meu sobriño,

arrimado á moza, pra ter conta de que os diaños non lle armasen guerra.

Escomenzaba a sonear, cando sentín que a rapaza se rebulía i esperneaba.

- ¡Jasús me valla! -díxolle a nai-. ¿Seique andan outra vez os demos ás voltas contigo, miña xoia?

- ¡Non quero lus! ¡Non quero lus! -berrou a moza-. ¡Deixádeme ás escuras, pola nai que vos pariu, que senón estos condanados fúranme o peito!

- ¿Quen berra aí? -perguntou o Arcalde de Zas dendes da sua cama.

- ¡Perdoe, señor! -contestou a vella-. ¡Élle esta filla do meu curazón que anda cos demos no corpo!

- ¡Quitádeme a lus! ¡Quitádeme a lus!, -repíteu a rapaza.

- Apagade o candil -dixo o Arcalde- a ver si nos deixan durmir os trasnos desa moza. E sinón traguédema acó, que lle boto a cada demo duascenas pesetas no reparto de consumos do meu auntamento e xúrolle a Dios, que n'han de rexurdir máis.

Ergueuse o meu sobriño, soprou a lus, e quedamos todos en pas i ás escuras.

Cando xa volvía a tomarme o sono, sintín que outra vez esperneaba a moza, e rebulía como unha madeixa, dando cada resoprado que tembraba o mundo.

- ¿Volvemos ás andadas? -perguntei-. ¡Eses demos non teñen rispeto nin ó señor Arcalde!

- ¡Durma, durma! -contestou o meu sobriño-. Non é nada. ¡Eles rebulen drento, pro andan xa máis agarimosiños! Estoulle facendo outra crus na barriga a ver se estoupa algún.

- ¡Boeno, boeno! -rosmei eu antre dentes, e quedeime durmindo como unha pedra. Non sei canto tempo levaría mirando pra dentro, cando escomencei a soñar que todos aqueles demos colorados, saían do corpo da rapaza, e viñan a bourarme no lombo. Espertei asostado, e vin que eran o Arcalde i os seus amigos que brincaban da cama e iban saltando un tras otro, sin cumprimentos, por riba de min, coma si eu fora o pasal dun río. ¡Tiña razón a pousadeira ó decir que alí todos eramos de confianza! Esperguiceime, i ó mirar que era o día ben entrado, dinlle catro zoucos nas nádegas ós meus compañeiros, e berrei:

- ¡Ei, ricoiro! ¡Arriba todo o mundo, que xa temos unha hora de sol!

- Meu sobriño i a moza, que durmían abrazados coma dous benditos, abriron os ollos, é puxéronse de pé nun brinco. Erguéronse logo os vellos, i emprendimos os cinco, o camiño do Santuario.

- ¿Que tal te sintes, miña filla? -perguntoulle a nai á rapaza cando salimos da pousada.

- ¡Paresce que me entrou algún alivio!

- ¡Recontra! -dixo o meu sobriño-. ¡Ben pelexei eu esta noite coeses condanados no inferno! ¡Deben de estar rendidos! ¡I asta teño pra min, que un polo menos, saqueillo! ¡Pra na misa maor, coa axuda de Dios, ha de ir o resto!

- Eu estoiche moi agradecido -repticoulle o Petrucio-. Si ti non foras, non sei quen había de pelexar coeles.

- ¡Eínda hai caridá no mundo! -escramou a vella.

- Tamén, si llos sacas todos -añadiu o pai- hemos de ter unha convidada, que ha de arder nun candil.

- ¡N'hai que falar deso! -contestei eu-. ¡O meu sobriño, é capás de facerlle un favor a calquera sin interés nengún!

Nestas e noutras, chegamos a visitar o santuario de Nosa Señora da Barca, que ten o tellado de pedra, como di o cantar.

Tanta era a xente que andaba por alí adiante, que tiñamos que ir á rempuxóns.

- ¿Onde está a pedra que abala? -perguntei.

- Siga, siga, -contestoume o meu sobriño- que xa vamos cara ela.



Pasamos por diante da porta da igrexa que estaba chea de cestas con figas, allos e cebolas, que se vendían pra arrenegar os demos, e de seguida vimos, enriba do mar, a milagreira pedra da Barca, toda cuberta de xente.

Naquel instante, estábase abaneando. Sentámonos os cinco nela mirando prá mar, i estivo meneándonos máis de médea hora, e facendo, pou, pou, como a péndola dun relós.

Eu estaba aparvado, i era capás de botar alí catro días sin comer nin durmir, vendo aquel milagre de Dios.

- ¡Este es un femodemo de la naturalesa! -escramou un señor de bimba que estaba ó meu lado.

Eu non o entendín ben o que quixo dicir, pro rosmei antre min.

- ¡Non! ¡Estas cousas non son da femia do demo, senón da Virxe Nosa Señora, alabada sea, pra que gañen a groria os que se asentan eiquí!

Nesto mirei prá miña esquerda, e vin outra pedra que estaba furada por baixo, formando un arco pequeniño de ponte; e por aquel buratiño iban pasando, un a un, homes e mulleres, arrastrando a barriga polo chan.

- ¡Ricoiro! ¿Que raxo e iso?

- Élle a pedra dos cadrises, -respondéume o meu sobriño-. Tódolos que padecen da reuma pasan por ese burato e quedan bos.

- ¡Eiquí non gaña un para milagres! ¡Carafío! ¡Vou a pasar eu tamén!

- ¿Pro vosté ten reuma, meu tío?

- ¡Gráceas a Dios, polo de agora estou sano coma un buxo; pro non sabe o día o ó que un home pode chegar; e si aí os enfermos se poñen bos, os que estamos bos non enfermaremos nunca! ¡Conque... déixame curarme en salú!

Meu dito meu feito, erguinme máis que de péesa, e funme á pedra dos cadrises, a esperar a vez.

Cando me tocou a min, deiteime no chan, co canto do cuco pra riba, i escomezedei a meterme polo burato. Pro como estou bastante gordo e sóbrame moita barriga, cando xa tiña médeo corpo dunha banda e médeo doutra, atuíñme, e non poden seguir pra diante, nin volver pra atrás.

- ¡Acodide eiquí! ¡Ah, de Dios! -berrei coma un becerro, pelexando por saír por un lado ou polo outro-. ¡Fixémola boa! ¡Nunca o demo me tentara a meterme nesta tobeira! ¡Eu morro!

Acodiron ás voces, o meu sobriño, a moza i os pais, i escomenzaron a turrar por min, a ver si me sacaban avante.

- ¡Ai que me destirpades, condanados!, -berrei eu-. ¡Ide máis amodiño!

- Vosté está acuñaado, meu tío.

- ¡Turrade por atrás!

Turráronme antre os catro polas pernas, pro ¡nin por esas!

Xuntouse decontado un fato de xente ó redor de nós e cada un botaba a súa senténcea.

- ¡Jasús me valla! -dixo unha velliña-. ¡Este home parece un sapo debaixo dunha peña!

- ¡A ese peisano -berrou un pillo dos da vila- hai que untalo con aceite, pra que corra!

Ó fin, déronme un tirón tan grande que pouco me faltou pra estoupar, e sacáronme pra fóra. ¡Suaba, coma se acabara de tomar un ba o de auga fervendo!

- ¡Vaite con Dios! -berrei, facendo a sinal da crus-. ¡Eisí viva mil anos e padeza dos cadrises, de alferesía, do mal da rábea, e de tódalas enfermidades do mundo xuntas, e me digan que me curo pasando por debaixo de esta pedra, non volvo a repetir a probanza, anque sepa de morrer aquela mesma noite!

- ¡Por eiquí solasmentes lle pasa a xente fraca, e vosté está de bo ano! -dixo o meu sobriño.

- ¡A boa hora me avisas, ho!

- ¡Boeno! Non foi máis que o susto -repicou o Petrucio-. Agora vamos á misa maor, que xa botaron o último toque.

Encamiñámonos á igrexa, mercaron á porta os pais da rapaza dúas restas de cebolas, e metímonos drento.

Estaba o santuario cogulado de homes e mulleres; e no médeo e médeo, sentadas no chan, contei máis de coarenta endemoneadas, que se retorcían como si lles mallasen no lombo con coarenta mocas.

Escomenzou a misa sin outras novidades, i eisí continuou astra o momento de alzar. Entón, ¡nunca Dios pra mal me dera!, escomenzaron tódalas dos meigallos a xurar como os xudíos, insultando á Virxe, a Noso Señor i a tódolos santos do ceu; i os homes, armados de cebolas, allos e figas, pelexaban coelas, meténdollas pola boca.

A nosa moza era unha das que máis esperneaban.

- ¡A ver, veñan cebolas!, -berrou o meu sobriño.

Entregoulle unha resta delas a nai da rapaza, i el escomenzoullas a botar pola gorxa abaixo, como quen ceba a un capón.

A moza, suando como un touro, i afogada con tanta cebola, caíu esmorecida tan longa como era, i o meu sobriño, berrou:

- ¡Gráceas á Nosa Señora e a min xa saíron todos eses condenados, botando centellas! ¡Alabado sea Dios, que non queda un pra un remédeo!

- ¿El será certo? -perguntou a nai chorando ca legría.

- ¡Tan certo como que meu tío non volve a pasar pola pedra dos cadrises!

- ¡Entón, pódese creer! -dixen eu.

- ¡Eran un fato deles! ¡Astra había un verde i outro marelo!

Acabouse a misa, saímos pra fóra da igrexa, e pais e filla, abrazáronse no meu sobriño que coase que o afogaban.

- ¡Carafío! -dixo o Petrucio-. ¡De hoxe en adiante habemos de ser amigos astra a morte! ¡Agora, vamos a cilebrar a cura!

- ¡Este mozo ten a man dun santo pra eso! ¡Dios llo pague! ¡Dios llo pague! -añadiu a vella.

Obrigáronnos a xantar coeles ó sobriño i a min, i o Petrucio foi tan rumboso, que gastou na festa, cuase, cuase, por riba de cinco reás.

¡Houbo auga, pan e berberechos, pola vella! ¡I astra tomamos un neto de viño antre os cinco!

Dimpois de xantar, dispuxémonos todos a volta prás nosas casas, i ó chegar ó camiño por onde cada un se soparaba cara á súa terra, espidímonos con bágoas nos ollos; i o meu sobriño, doulle palabra á moza de que a había de visitar tódalas somanas.

### III

Un ano dimpois, entrou o meu sobriño un día na miña casa, cunha cara como a daquel que vai prá forza.

- ¿Que hai? -dixen eu-. ¿Seica ques que volvamos á Virxe da Barca? ¡Pois mira, que eínda non me sai das mentes aquela pedra dos cadrises que Dios confunda!

- Non señor. Veño con outro lerio. ¿Vosté acórdase daquela moza a quen lle saquei os demos o ano pasado?

- ¡Acórdome ben! ¡Por certo que era unha real moza, que merecía que llos sacasen coarenta veces! ¿Que? ¿Polo visto non saíron todos?



- Como saír, saíron. ¡Que remedio lles quedaba!, pro, en cámbreo, entroulle un anxeliño no corpo.
- ¿E haberá que sacarllo tamén?
- Ese, xa saíu él só, vai pra tres meses. ¡I é bonito como un repolo, non despreceando ó crego da parroquia! Pro, vamos ó lerio, o que eu quero e que vosté veña de padriño do meu casamento.
- ¡Ricoiro! ¿Cásaste ca dos meigallos?
- Si señor.
- ¿E non tés medo de que a volvan a tentar os diaños?
- ¡Xa os tornarei eu pola conta que me ten!
- ¡Agora eses condanados téntanche a ti só! ¡Boeno! Irei de padriño con moito gosto! ¡E si se enteran as mozas da nosa terra, de que o conto dos meigallos acaba en casamento, son capaces de ir todas á romaría da Barca, pra pedirlle a Nosa Señora, non que lles saquen os demos do corpo, senón... que llos metan!